

## NOTA DE PRENSA 022/23

11 DE MAIO DE 2023

### OS EQUIPOS BECADOS POLA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, CON BOAS EXPECTATIVAS NO RALLYE MARIÑA LUCENSE

Os dous equipos becados pola Federación Galega de Automobilismo afrontan a terceira parada do seu programa deportivo no Campionato Galego de Rallyes, o Mariña Lucense.

Despois de dúas probas consecutivas na que ambos os dous equipos mostraron unha boa adaptación aos Nissan Micra N5 do preparador RMC, agora afrontan a proba con epicentro en Viveiro, con dez treitos cronometrados en dúas xornadas de competición, venres 12 e sábado 13 de maio.

No caso de Alexis Vieitez e Cristian Álvarez chegan logo dun sobresaínte sexto lugar da clasificación xeral e segundos da Top Ten B e Gara N5 en Noia, o que confirmou as boas sensacións mostradas no debut en A Coruña.

Antes de afrontar a proba, o pontevedrés **Alexis Vieitez** destacou que “o obxectivo é rematar a proba e mellorar en todos os aspectos de cara aos rallyes da casa. Tentaremos ter un bo ritmo e non distanciarnos da cabeza e facelo o mellor posible”.

O seu copiloto, **Cristian Álvarez** afirmou que “sairemos coa mesma mentalidade e coller sensacións como equipo. Atacaremos un pouco máis para que, como dixo Alexis, non nos quedemos descolgados da cabeza ao comezo da proba”.

**Marcos Maceiras**, o outro piloto becado pola FGA esta tempada (noveno clasificado en Noia), considera que “o noso propósito é ir de menos a máis e seguir mellorando para afrontar con garantías o rallye da casa, o de Pontevedra”.

**Sergio Iglesias**, copiloto de Maceiras cree que “temos que recuperar as sensacións e o rallye parece que non muda moito con respecto ao ano pasado, o que nos axudará a desfrutar e a seguir aprendendo”.

## **Programa Horario do Rallye Mariña Lucense:**

### **Venres, 12 de maio**

TC1 – Cervo // 20:35 horas

TC2 – Xove // 20:58 horas

### **Sábado, 13 de maio**

TC3 – Vicedo // 08:56 horas

TC4 – Cervo // 09:59 horas

TC5 – Xove // 10:37 horas

TC6 – Vicedo // 13:45 horas

TC7 – Muras // 15:08 horas

TC8 – Ouroi // 15:45 horas

TC9 -- Muras // 18:41 horas

TC10 – Ouroi // 19:18 horas

Entrada parque pechado final do Rally (Travesía da Mariña, Viveiro) // 20:08 horas